

Entidades da Galiza, Euskadi e Catalunya reivindicam o ensino nas linguas propias no Galeusca

O encontro 'Galeusca pola diversidade lingüística e cultural no ámbito educativo', organizado por Semente, La Bressola e Ikastolen Elkartea, decorreu no Museo do Pobo Galego, en Compostela.



Foto

de familia do encontro Galeusca. (Foto: Charo Lopes)

12/06/22 11:45

Este sábado o auditorio do [Museo do Pobo](#), en Compostela, tornou nun punto de encontro entre entidades galegas, vascas e catalás que defenden o uso das linguas propias e a fin das restricións lingüísticas nestes territorios.

Foi o primeiro acto do evento '[Galeusca pola diversidade lingüística e cultural no ámbito educativo](#)', organizado de forma coordinada polas **Escolas de Ensino Galego Semente** (Galiza), **Ikastolen Elkartea** (Euskadi) e **La Bressola** (Catalunya Nord).



Intervención inicial de Séchu Sende. (Foto: Charo Lopes)

Asistiron, aliás, representantes da Asociación Galega da Língua (AGAL), a Mesa pola Normalización Lingüística, o centro social A Gentalha do Pichel, a Facultade de Filoloxía da USC, Compostela Aberta, Movemento Arredista e Nova Escola Galega.

O acto principiou coa intervención do presentador, poeta e improvisador **Séchu Sende**, que falou sobre os vencellos históricos entre a Galiza, Euskadi e Catalunya, reivindicando a Tripla Alianza (1923) e mais o primeiro encontro Galeusca (1933), polo seu "espírito internacionalista" e a reclamación da "soberanía política".

Posteriormente a xornalista **Comba Campoy** deu lectura ao manifesto acordado polas tres escolas, onde se recoñecían "iniciativas educativas populares, autocentradas nas nosas realidades nacionais, promotoras da renovación pedagóxica, laicas e sen fins lucrativos".

Koldo Tellitu (Ikastolen Elkartea) fixo énfase na situación de "fraqueza" da defensa da lingua nun ámbito educativo, o de Euskadi, que é "insuficiente" na tarefa da "euskaldunización". Tamén apuntou á "gravidade" da situación tanto no Estado español como en Francia, que obriga o alumnado de Ipar Euskal Herria a facer en francés a proba de nivel da Secundaria.



Eva Bertrana (La Bressola), Santiago Quiroga (Semente), Eduardo Maragoto (AGAL) e Koldo Tellitu (Ikastolen Elkarte). (Foto: Charo Lopes)

A directora de La Bressola, **Eva Bertrana**, criticou tamén a actuación do Estado francés, onde nas escolas se prohíbe as comunicacións coas familias en catalán, "mostrando ás crianzas que as cousas serias son en francés".

Pola súa parte, o coordinador nacional de Semente, **Santiago Quiroga**, sinalou o sistema galego de ensino público como "axente desgaleguizador" e chamou á "organización popular" para facer fronte a isto, pondo como exemplo que se logrou manter no currículo da Secundaria a materia de Xeografía e Historia da Galiza por mor da presión social.

Este acto do Galeusca proseguiu coa lectura dun **poema en cada unha das linguas** por parte de tres alumnas de Semente, e un concerto acústico de **Guadi Galego** e **Carlos Abal** puxo o ramo á xornada.